RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A LISTAXE RESULTANTE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DAS BOLSAS DE TRABALLO DE PERSOAL INTERINO DOS CORPOS XERAIS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA CONVOCADAS POLA RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA DO 13 DE ABRIL DE 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 10 da Orde do 6 de marzo de 2026 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, así como no artigo 8.2 da Resolución do 13 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convocan bolsas de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, e unha vez vistas as alegacións presentadas polas persoas aspirantes,

RESOLVO:

1.- Aprobar as listaxes resultantes de persoas aspirantes admitidas e excluídas das bolsas de traballo de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, así como a súa baremación definitiva, e acordar a súa publicación no sitio web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais na intranet de Xustiza.

2.- Aquelas persoas aspirantes que estean incluídas en bolsas de distintos corpos, ou en varias provincias da mesma bolsa, deberán seleccionar aquela única na cal desexen quedar. O prazo para elixir bolsa (10 días hábiles) habilitarase entre o 31 de agosto e o 11 de setembro.

Se non o fixeran, entenderase que desisten de todas as súas solicitudes.

A elección deberá realizarse telematicamente dentro do prazo establecido, cubrindo necesariamente o formulario electrónico dispoñible na aplicación informática. Unha vez cuberto o formulario, deberase presentar de xeito electrónico a través da OPAX.

As persoas que unicamente solicitasen formar parte dunha única bolsa, corpo e provincia non terán que efectuar a dita elección.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

Asinado por: JOSE FRANCISCO TRONCHONI ALBERT
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 28/08/2026 10:27:03

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: IXmkOuYbSQX1 https://sede.xunta.gal/cve

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2ª planta
Polígono de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546217